

PROHIBIDO FIXAR

ESTERCO TIPOS

ÍNDICE

POLÍTICAS PÚBLICAS DA DEPUTACIÓN	4	CAMPAÑAS	19
ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA	5	EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS	20
CORPO NORMATIVO	6	CAMPAÑAS CONTRA AS AGRESIÓNS SEXUAIS	21
AXUDAS	9	CAMPAÑA DE VISIBILIZACIÓN DAS MULLERES DO MAR	22
CONECTADAS	10	ELIXE PRODUTO LOCAL. ELIXE IGUALDADE	23
MULLERES EN ACCIÓN	11	COIDADOS	24
VIOLENCIA ZERO	11	ESCOLA DE IGUALDADE MARÍA VINYALS	25
CINEMA E MULLER	12	SOFÍA NÓVOA ORTIZ	27
RAMONAS ON TOUR	13	CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO	27
AS ACHEGAS DAS MULLERES Á SUSTENTABILIDADE DO MAR	14	INSPIRA STEAM	27
EXPOSICIÓN "ROMPE. XOGA EN IGUALDADE"	15	PATROCINIO DE "FESTIVALA: MULLERES CREANDO"	28
Poesía experimental (obxectual) de bonecas Barbie	15		
A MALETA DOS OCÉANOS	16		
MARÍA VINYALS. UN TALENTO REBELDE	17		
MULLERES DO SILENCIO	18		
XOGUETES SEN ESTEREOTIPOS DE XÉNERO	19		

COLABORACIÓNS	28	CONMEMORACIÓNS	35
GALA DO DEPORTE FEMININO	28	PREMIOS	37
ENTIDADE COLABORADORA DO INSTITUTO DA MULLER NA ESCOLA VIRTUAL DE IGUALDADE	29	TRANSVERSALIDADE	38
SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL (ATENPRO)	29		
MESAS LOCAIS DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	30		
TEMPADAS DE IGUALDADE DE MULLERES E HOMES NAS ARTES ESCÉNICAS	30		
COMISIÓN PROVINCIAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	30		
CON A DE ASTRÓNOMAS	30		
SEMPRE MARZO	31		
EXPOSICIÓN "MATERIAIS PARA PENSAR, GOZAR E PROFANAR", OBRA PLÁSTICA DE MARÍA XOSÉ QUEIZÁN	31		
8M. A PALABRA EMPODERADA DAS MULLERES	32		
CALENDARIO COMPETENCIAL	33		

POLÍTICAS PÚBLICAS DA DEPUTACIÓN

No ano 2015 a Deputación de Pontevedra para responder a unha necesidade social **establece o principio de igualdade como eixe vertebrador** da súa axenda.

Un traballo para o que foi preciso partir desde cero, establecendo unha arquitectura institucional na que sustentar o marco de acción que concrete as liñas de acción que se van intervenir. Cinco anos despois podemos dicir que a perspectiva de xénero está consolidada, forma parte da cultura institucional e impregna todas as áreas de xestión da Deputación de Pontevedra.



ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

Creación do Servizo de Igualdade, no ano 2015, con **persoal propio especializado e dotación orzamentaria** para a posta en marcha de políticas específicas.

Os fondos destinados foron incrementándose en cada exercicio orzamentario, como mostra do compromiso coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Sen recursos non hai políticas efectivas que produzan os cambios esperados na sociedade.



Implantación da perspectiva de xénero nos procesos de comunicación da Deputación:

formación do persoal, guía propia de linguaxe inclusiva e regulamento de uso aprobado polo Pleno. Edítase unha guía de comunicación inclusiva, na que se establecen os principios para unha comunicación en clave de igualdade para todos os departamentos provinciais e non só para os que se dedican especificamente á comunicación institucional.

Protocolo para a detección e o tratamento na empresa de situacións de violencia de xénero producidas dentro e fóra dos lugares de traballo.

Presentación e difusión para adherirse ao protocolo. As entidades e os concellos adheridos foron: a Deputación, 19 concellos e 149 empresas da provincia.



CORPO NORMATIVO

I Plan de igualdade da Deputación de Pontevedra.

Aprobouse no ano 2017 co obxectivo central de eliminar todo tipo de obstáculos e garantir as mesmas oportunidades a todo o persoal da institución, ademais de acadar a plena igualdade de trato e oportunidades para mulleres e homes, a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón de sexo, especialmente a derivada da maternidade, a asunción de obrigas e o estado civil.

O Plan de igualdade da Deputación de Pontevedra é o primeiro dunha Administración pública española elaborado con base nunha auditoría laboral de xénero.

Este contén unha análise exhaustiva da área salarial do persoal baixo a perspectiva de xénero, e cumpre os termos establecidos na recomendación europea, publicada posteriormente á aprobación do plan, recollido no Real decreto-lei 6/2019, de 1 de marzo, de

medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e oportunidades de mulleres e homes no ámbito do emprego e da ocupación. Este Plan de igualdade **recolle todas as medidas que contempla o pacto de Estado contra a violencia de xénero en materia laboral**, que está no ámbito de actuación da Deputación de Pontevedra.



CORPO NORMATIVO

Protocolo para a prevención do acoso laboral, sexual ou por razón de sexo. Baixo o principio de tolerancia cero este protocolo resulta innovador, xa que a través dunha primeira investigación interna, ante a recepción dunha denuncia por acoso, se inicia un procedemento de investigación tramitado por unha comisión de investigación de acoso, formada por tres persoas elixidas unánimemente pola Comisión de Igualdade, na que está representada a entidade e a representación sindical. Emitirase un informe de análise de indicios, con carácter previo ao documento baseado no principio de

non tolerancia a este tipo de condutas entre o noso persoal. Posteriormente, de ser o caso, iniciarase o procedemento de instrución, que será tramitado pola Comisión Instrutora, integrada por tres persoas elixidas pola entidade. Ás persoas que compoñen a Comisión de Igualdade e ás designadas para a Comisión de Investigación e Instrución impartíuselles formación específica en materia de acoso. O protocolo editouse, publicouse e difundíuse entre todos os departamentos e, ademais, o persoal en xeral recibiu formación.

NON



AXUDAS



Subvencións a concellos da provincia para impulsar a igualdade de oportunidades e previr a violencia de xénero. Destinadas a municipios de ata 20.000 habitantes. Convocatoria anual desde 2016, cunha dotación orzamentaria que se incrementa en cada exercicio orzamentario.



Subvencións a entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero. Convocatoria anual desde 2016, cunha dotación orzamentaria que se incrementa en cada exercicio orzamentario, con subvencións por concorrencia competitivas e nominativas.



Subvencións dirixidas aos concellos de menos de 50.000 habitantes para a prestación de actividades de apoio ás familias para facerlle fronte ao impacto da COVID-19 durante o ano 2020. Convocatoria extraordinaria para a posta en marcha de programas que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e outorgarlles unha maior protección ás familias monoparentais e ás que se atopen en situación de especial vulnerabilidade.

PROGRAMAS

CONECTADAS

Programa **dirixido ao fomento do asociacionismo entre as mulleres**, xa que precisamente son as asociacións, federacións e fundacións as que teñen por obxecto favorecer as mulleres que, coas súas actividades, poden incidir de forma directa na participación e na promoción destas na sociedade pontevedresa.

Este programa ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade para **favorecer as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias**, contribuír a **mellorar a súa empregabilidade e o seu mantemento no mercado laboral e reducir a fenda dixital** mediante a utilización da información e das novas tecnoloxías.



PROGRAMAS

MULLERES EN ACCIÓN VIOLENCIA ZERO

É un dos sinais de identidade da programación da Deputación en materia de igualdade que xa vai pola súa sexta edición.

Preto dun cento de accións percorreron a maioría dos concellos da provincia da man de artistas para visibilizar e denunciar as violencias que se exercen sobre as mulleres coa arte contemporánea como elemento mobilizador de conciencias.

É un proxecto pioneiro que sitúa o foco de atención na problemática da violencia machista, ao mesmo tempo que se visibiliza o traballo das artistas contemporáneas galegas.



PROGRAMAS

CINEMA E MULLER

Concibido para darlles visibilidade ás creadoras galegas do sector audiovisual e fomentar así os discursos narrados con ollos e voz de muller. O audiovisual amputado e silenciado sae á luz co apoio da Deputación de Pontevedra.

Elaborouse un mapeo de directoras da provincia, realizáronse pezas audiovisuais e proxectouse a película colaborativa *Visións* co fin de analizar desde a perspectiva de xénero o panorama audiovisual galego.

CINEMA

eva calvar
olga sendón
claudia brenlla
sonia méndez
andrea zapata - girau
lara bacelo
begoña m. santiago
carme nogueira
diana toucedo
carla andrade

E MULLER

visións

Visións · Creadoras de cinema · Pontevedra é unha obra colaborativa feita por mulleres, un filme íntimo e polidrico onde cinema e arte se funden ofrecendo dez olladas poéticas e xenuínas.

www.depo.es/web/edepo/cinema-e-muller/visions

© 2015 cinecalvar.com

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

PROGRAMAS

RAMONAS ON TOUR

Promoción da xira deste grupo de mulleres empoderadas e con compromiso feminista.

É unha banda formada para o proxecto que homenaxea a comandanta Ramona do movemento zapatista e o movemento Riot Grrrrr!!

Completan o proxecto conversas acerca do papel da muller no sector musical e unha exposición.



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

RAMONAS

ON TOUR

EN VILAGARCÍA DE AROUSA
Xoves 16 de maio de 2019
na PRAZA DA II REPÚBLICA

EXPOSICIÓN DE 10 da mañá a 12 da noite

19 h. CONVERSAS SOBRE A MULLER NA INDUSTRIA CULTURAL "NUNCA MÁIS SEN NOSOUTRAS"
RELATORAS: Patricia Hermida (xunta directiva de MIM, directora de Dotbeat e representante de Agoraphobia), Daisy Alcalde (presidenta da Asociación O Soño de Lilith), Susana Laya (directora do Atlantic Fest), K DJ (DJ da Duendeneta, discoteca e cabina móbil)

20:30 h. CONCERTO DE RAMONAS+CONVIDADAS
Laura Darlens

Concello de Vilagarcía de Arousa

PROGRAMAS

AS ACHEGAS DAS MULLERES Á SUSTENTABILIDADE DO MAR

Este proxecto, en colaboración coa Universidade de Vigo e o Consello da Cultura Galega, está formado por un conxunto de **accións destinadas a contribuír a mellorar os coñecementos precisos para desenvolver a comprensión, o uso sustentable e a protección do medio mariño** de importancia estratéxica para Galicia e, en especial, para a provincia de Pontevedra e a fomentar a participación de todos os sectores interesados, neste caso, centros educativos, concellos, alumnado e profesorado da Universidade de Vigo, asociacións, ONG, confrarías de pesca e tecido empresarial.

Entre os elementos que conforman a proposta destaca a páxina web do proxecto, na que se recollen contidos e entrevistas a persoas expertas,

unha exposición colaborativa para darlle visibilidade ao papel da muller na economía do mar ao longo dos séculos, e infografías para levarlle os contidos á comunidade educativa.



PROGRAMAS

EXPOSICIÓN “ROMPE. XOGA EN IGUALDADE” Poesía experimental (obxectual) de bonecas Barbie

Proposta que reivindica a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e a **concienciación social visualizando a posición de asimetría e discriminación da muller nas distintas sociedades, xerme da violencia machista.**

Trátase dunha **exposición de poesía visual** na que o obxecto fala por si mesmo con apenas un texto explicativo.

As bonecas elixidas para o proxecto interviñéronse

para amosar situacións de desigualdade, violencia e discriminación e recalcar a importancia do xogo na educación, na formación de nenas e nenos e na transmisión de valores.



A MALETA DOS OCÉANOS

Desde a Deputación de Pontevedra quérese visibilizar o papel destacado, e moitas veces invisibilizado, que as mulleres tiveron ao longo da historia na sustentabilidade do mar e no uso responsable dos recursos mariños. Por iso, desde o Servizo de Igualdade, en colaboración coa Universidade de Vigo, desenvolvéronse durante estes anos os proxectos “Acheugas das mulleres á sustentabilidade do mar” e “O mar das mulleres. Sustentable e produtivo” co obxectivo de contribuír a paliar a invisibilidade do mar e das mulleres nel. Estes proxectos achéganse a tres dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) da Axenda 2030 da ONU.

Destes proxectos naceron os recursos didácticos contidos en *A Maleta dos océanos*, onde se abordan seis temáticas diferentes e complementarias que se poden adaptar a todas as etapas educativas”.



PROGRAMAS

MARÍA VINYALS. UN TALENTO REBELDE

Libro biográfico de María Vinyals dirixido ao público escolar.

Desde a Deputación de Pontevedra quérese visibilizar a figura de María Vinyals, muller galega pioneira na introdución do feminismo no noso país xunto coa súa amiga Emilia Pardo Bazán.

O libro presentouse nos centros educativos da provincia que o solicitaron e no Centro Penitenciario da Lama e contou coa intervención das autoras.



PROGRAMAS

MULLERES DO SILENCIO

Catálogo da mostra que leva por título “**Mulleres do silencio. De Maruja Mallo a Ángela de la Cruz**”, comisariada por Rosario Sarmiento e que tivo lugar no MARCO.

Envióuselles a todos os centros educativos da provincia de Pontevedra.



CAMPAÑAS

XOGUETES SEN ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

Campaña de Nadal para eliminar discriminacións e promover o xogo inclusivo no marco da Convención sobre os Dereitos da Infancia: xogar é un dereito.

Ao longo destes anos desenvolvemos campañas coma **"Xogar sen fendas"**, **"Xoguete igualitario"** e **"Xogamos?"**, todas elas destinadas á adquisición de xoguetes sen estereotipos de xénero.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

FOR UN XOGO IGUALITARIO E NON VIOLENTO

CAMPAÑA DE ADQUISICIÓN O USO DE XOGUETES E BRUXUETAS NON SEXISTAS E NON VIOLENTAS

DECÁLOGO

- 1. XOGAR É UN DEREITO**
O xogo é libre e espontáneo. Non se pode negar o dereito de xogar a ningún niño. Evitámoso transmitir esa idea.
- 2. XOGAR É PARA TODOS**
Non hai límite de idade nin carece de xénero. Si non se queira recibir queixas de diversidade.
- 3. XOGAR É PARA TODOS E DIVERSOS**
Trasladar a xoguetes que reflicten a diversidade de cada persoa.
- 4. XOGUETES INCLUSIVOS**
Escollas como a xerada, servizo de axuda que se pode adaptar segundo, adaptados ao nivel de madurez de cada niño e libre de produtos xenéticos, químicos e nocivos.
- 5. XOGUETES DE PRIMA LÍNEA E CALIDADE**
Ellos xoguetes que facilitan a comunicación e a relación co mundo, compartindo espazos tanto públicos como domésticos.
- 6. XOGUETES DE CONTEXTO SOCIAL E CULTURAL**
Promover a diversidade e a inclusión social e a queira a diversidade física.
- 7. O XOGUETE É INCLUSIVO**
Promover que os xoguetes e bruxuetas sexan inclusivos e adaptados a diversidade física e intelectual.
- 8. XOGUETES E BRUXUETAS**
Ellos xoguetes, bruxuetas e accesorios que se pode adaptar segundo, adaptados ao nivel de madurez de cada niño e libre de produtos xenéticos, químicos e nocivos.
- 9. XOGUETES E BRUXUETAS**
Ellos xoguetes que se pode adaptar segundo, adaptados ao nivel de madurez de cada niño e libre de produtos xenéticos, químicos e nocivos.
- 10. XOGUETES E BRUXUETAS**
Ellos xoguetes que se pode adaptar segundo, adaptados ao nivel de madurez de cada niño e libre de produtos xenéticos, químicos e nocivos.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
www.depo.es

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

xogamos?
COMÁMONOS UN POUCO O COCO

Trasladar a xogar a xogar e compartir un tempo divertido coas voces cativas e cativas con este COMERCIO DE PAPEL, unha mostra de xogos divertidos e incluídos para niños e niñas que fomenta a interacción, a comunicación e a relación entre iguais.

Non actividades baseadas na cooperación e na axuda entre as persoas e non na rivalidade e na violencia que favorecen actitudes de competitividade e de exclusión, a diversidade e a inclusión de igualdade. Ademais, promover a serenidade e a capacidade de xogar.

Participando en este COMERCIO DE PAPEL, incluíndo os xogos que se che escapan segundo os intereses de cada niño ou niña e según as indicacións. Será como outra forma de diversión e de relacións e de paciencia!

Mais información en www.depo.es

A DIFERENZA NON A MARQUES TI

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Se non xoga, non é un xogo
Non marques a diferenza
#regaleigualdade

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

XOGAR SEN FENDAS
é crear futuro

A fenda entre mulleres e homes no mundo dá ciencia e a tecnoloxía comeza nos primeiros xogos: evitalo é garantir un futuro igualitario e xusto.

Campaña de adquisición o uso de xoguetes e bruxuetas non sexistas e non violentas

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Este Nadal

Xoguetes
sen

XOGUETES SEN XÉNERO

Igualdade Diversidade e Non Violencia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

CAMPAÑAS

EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS

Sinatura do **protocolo de colaboración para a organización conxunta da campaña de sensibilización “En negro contra as violencias”**, no marco do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o **25 de novembro**, desde o ano 2017.

Como entidade patrocinadora esta institución provincial comprometeuse a editar e distribuír entre os concellos da provincia adheridos, en función da súa poboación, carteis, dípticos e

postais da campaña que se repartiron entre a poboación e as e os axentes sociais e económicos dos concellos participantes.



CAMPAÑAS CONTRA AS AGRESIÓNS SEXUAIS

Ten por obxectivo levar a prevención e a denuncia nas festas populares e eventos multitudinarios. Está integrada tamén nos festivais musicais Rías Baixas.

Utilizamos lemas específicos dirixidos a mozas “**Eu decido, ti respectas!**” e mozos “**Conta comigo, eu respéctote!**”. Campaña levada a cabo por profesionais especializadas, axentes de igualdade en cada un dos puntos, e formación impartida ás e aos profesionais chamados a intervir no caso de agresión.



CAMPAÑAS

CAMPAÑA DE VISIBILIZACIÓN DAS MULLERES DO MAR

Campaña do Nadal de 2019 “**Elas son a forza do Nadal**”.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



#Elixeproducto local

#Elixegaldade

“O marisco das Rías Baixas é completamente natural. Desde hai décadas saímos recollelo á ribeira de maneira artesanal”

Marina Buceta Alonso
Presidenta da Confraría de San Telmo de Pontevedra

Carmen Leiro Castro
Mariscadora a pé

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANMUPESCA

CAMPAÑAS

ELIXE PRODUTO LOCAL. ELIXE IGUALDADE

A Deputación propúxose revalorizar a materia prima de calidade da provincia de Pontevedra e enzalzar e recoñecer o labor das persoas produtoras nunha campaña que **pon o foco no traballo, moitas veces invisibilizado, das mulleres no sector primario.**

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



#Elixeproducto local

#Elixelgualdade


“Coido desta terra de forma responsable. A boa xestión dos recursos naturais garante o futuro do noso planeta”

Patricia Rodríguez
Presidenta de AcuBam

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA AVINHA 2030 acuBam

COIDADOS

Ten por **obxectivo poñer o foco na columna vertebral do noso estado de benestar** e dos coidados para darlle voz a quen realiza maioritariamente ese traballo invisibilizado e, en moitas ocasións, non remunerado: **as mulleres**. Convídase os homes a participar neles, fomentando a corresponsabilidade.



ESCOLA DE IGUALDADE **MARÍA VINYALS**

É unha das referencias da Deputación de Pontevedra. É un **espazo de encontro, formación e intercambio de saber, destinado a formar desde o pensamento feminista o persoal técnico da Administración local**, profesionais da loita contra a violencia de xénero, mulleres electas da provincia e persoas interesadas.

Na escola impártese formación gratuíta e de calidade en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e desenvólvese unha intensa programación con seminarios, congresos, cursos e charlas.

Tras a xornada inaugural, en xuño de 2016, **máis de 1.000 persoas participaron nas súas actividades.**

Desde a escola, sempre alerta aos **temas de actualidade que repercuten directa ou indirectamente nos dereitos das mulleres**, leváronse a cabo numerosos monográficos acerca da muller e o liderado, o papel da muller no mundo do viño, autoliderado e marca persoal, intervención multidisciplinar na violencia de xénero, formación en coeducación para o persoal docente, módulos de igualdade na Escola de Enfermería ou aplicación do pacto de Estado contra a violencia de xénero, entre outros. Malia a situación actual a escola non parou,

senón que se adaptou ás novas circunstancias trasladando a súa actividade á modalidade en liña, levando a cabo, entre outras, a súa colaboración anual co encontro nacional de mulleres columnistas **As Mulleres que Opinan son Perigosas** e o seu primeiro webinar **Teletraballo. NN. TT. con Perspectiva de Xénero**, así como o seminario **As Mulleres e os Efectos da COVID-19 na Galicia Rural**, no que se abordou o impacto da pandemia, e **“Libres? A cousificación do corpo das mulleres”**.



ACTIVIDADE ACADÉMICA

PREMIOS SOFÍA NÓVOA ORTIZ

A Deputación de Pontevedra fomenta e **recoñece os traballos de fin de grao e fin de mestrado que integran a perspectiva de xénero** coa convocatoria anual destes premios, que van xa pola quinta edición.



CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO

En 2019 nace a Cátedra de Feminismos 4.0, un laboratorio feminista de futuro social co que se quere **promocionar os estudos feministas sobre a valoración da situación das mulleres e as STEM**, integrando a análise de xénero e a perspectiva feminista no contido da investigación, desenvolvemento e innovación. Son múltiples as accións que organiza a cátedra: xornadas, bolsas de investigacións, obradoiros e unha páxina web na que se recollen todas as súas actividades.

INSPIRA STEAM

En colaboración coa Universidade de Vigo ponse en marcha este proxecto pioneiro de fomento da ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas (STEAM, polas súas siglas en inglés) que busca **promover a vocación científico-tecnolóxica entre as mozas** a través de accións de sensibilización e orientación que imparten **mulleres profesionais do mundo da investigación, da ciencia e da tecnoloxía**.



COLABORACIÓNS

PATROCINIO DE “**FESTIVALA: MULLERES CREANDO**”

Proposta pioneira iniciada no ano 2017 pola **Asociación Galega O Soño de Lilith**. Trátase dun proxecto baseado no empoderamento feminino co que se pretende poñer o foco na diversidade das **mulleres galegas creadoras** a través dos múltiples proxectos de emprendemento que están a desenvolver. Desde o seu nacemento a Deputación de Pontevedra leva apostando por esta iniciativa que se leva a cabo na comarca do Salnés e que cada ano organiza multitude de actividades, desde proxectos empresariais ou de emprendemento ata a utilización do cine e da música como ferramenta fundamental de sensibilización.

GALA DO **DEPORTE FEMININO**

Xa vai pola sétima edición. Nela entréganse os premios anuais do **deporte feminino galego**, outorgados pola asociación **MUDEGA (Mulleres Deportistas Galegas)**, nos que se recoñece o labor das deportistas galegas que destacan en todas as disciplinas ou ámbitos de actividade, así como o apoio de entidades que fomentan e respaldan o deporte feminino.



COLABORACIÓNS

ENTIDADE COLABORADORA DO **INSTITUTO DA MULLER** NA ESCOLA VIRTUAL DE IGUALDADE

Desde o ano 2016 a Deputación de Pontevedra é entidade colaboradora na **Escola Virtual de Igualdade do Instituto da Muller**.

Esta adhesión facilita a consecución dos obxectivos propostos pola institución neste ámbito, xa que é necesario dotar de ferramentas as e os profesionais que realizan o seu traballo na provincia, ao tempo que se lle dá resposta á demanda existente deste tipo de formación.

SERVIZO DE **TELEASISTENCIA** **MÓBIL (ATENPRO)**

Iniciativa de **protección das vítimas de violencia de xénero**, proporcionándolles unha atención inmediata e unha resposta rápida. Faise un control e seguimento por parte da Deputación deste servizo nos concellos de menos de 20.000 habitantes. Arredor de 95 mulleres ao ano benefíciáanse deste servizo.

COLABORACIÓNS

MESAS LOCAIS DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAIS **CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

Participación nas mesas dos concellos de Bueu, Cuntis, O Grove, Tomiño, Moraña, Baiona, Campo Lameiro, Lalín e na comarca do Salnés.

COMISIÓN PROVINCIAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A Deputación de Pontevedra é membro da **mesa constituída na Audiencia provincial.**

TEMPADAS DE IGUALDADE DE MULLERES E HOMES NAS ARTES ESCÉNICAS

Sinatura de apoio por parte de Deputación de Pontevedra ás Tempadas de Igualdade de Mulleres e Homes nas Artes Escénicas co grupo promotor **Galicia Clásicas e Modernas.** Esta proposta presentóuselles aos concellos.

CON A DE ASTRÓNOMAS

Iniciativa do **grupo Ella es una Astrónoma**, formado por profesionais da astronomía, da filosofía, da historia e do ensino. A mostra permítelle ao público mergullarse nos principais fitos da astronomía e coñecer os milleiros de mulleres que investigaron neste eido desde a antigüidade ata os nosos días.



8M. A PALABRA EMPODERADA DAS MULLERES

Exposición fotográfica que recolle imaxes das manifestacións que tiveron lugar con motivo do 8M, o Día das Mulleres, nas cidades de Vigo e Pontevedra no 2020, e unha escolla de pancartas de colectivos feministas que ese día percorreron varias cidades de Europa.



COLABORACIÓN

CALENDARIO COMPETENCIAL

Os calendarios competenciais teñen a finalidade de facer posible que a educación das fillas e dos fillos sexa unha tarefa compartida. As familias son o pilar fundamental no proceso educativo das nenas e dos nenos, pero precisan estratexias e ferramentas que promovan un compromiso conxunto coa educación.

Este innovador recurso educativo, que está promovido pola Deputación de Pontevedra e o CRA Clara Torres de Tui, vai pola quinta edición. Dirixidos ao alumnado de infantil, primaria e agora secundaria, os calendarios competenciais pretenden favorecer o desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das fillas e dos fillos, das nais, pais e demais membros da familia dun xeito divertido, comprometido e en familia.

No calendario aparecen propostas de aprendizaxe colaborativa, lecer con andainas, buscas do tesouro, educación ambiental con reciclaxe, consumo responsable de luz e auga, suxestións de lectura e cine, pautas para o desenvolvemento con éxito da fala e da linguaxe, atención, percepción, educación para a saúde con creación de menús saudables, corresponsabilidade no fogar e visibilización do papel da muller nos distintos ámbitos.



COLABORACIÓNS

Participación en:

- **Faro Faro de Vigo.** Participación en foros de relevancia visibilizando o traballo das mulleres artistas, mulleres do mar, mulleres referentes...
- **Faro da Escola.** Realización de charlas informativas e presentación de proxectos da Deputación en diferentes centros educativos da provincia.
- **Faro Educa.** Participación en varios foros de educación organizados polo Faro de Vigo promocionando diferentes programas e proxectos en prol da igualdade entre mulleres e homes nos centros educativos.
- **MULLERES REFERENTES.** Colaboración coa Asociación Executivas de Galicia para visibilizar o labor de diferentes mulleres referentes de Galicia.

CONMEMORACIÓN

Participación no **DÍA DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA**

Conmemorouse na sede da Deputación en Vigo coa participación do Colexio de Enxeñería para fomentar a vocación científica entre as nenas.



8m
2020

**POR NÓS,
POR TODAS**

8 DE MARZO

A Deputación non organiza un acto institucional con motivo do 8 de marzo, senón unha completa programación que dura dúas semanas. **Colocáronse lonas para apoiar a folga feminista do 8M** na sedes da Deputación en Vigo e Pontevedra.

Lectura do manifesto e concentración do 8M coas traballadoras da institución provincial.

Instalación artística *A fortaleza da razón*, de Irene Silva, no vestíbulo do Pazo provincial. Construimos un muro tramado de paraugas cos lemas que personifican as nosas fortalezas. A chuvia diaria de argumentos falaces contra os logros en materia de igualdade queren empapar as consciencias para pexar o avance. A unión permitiranos repeler esa chuvia; con esta parede simbólica facémonos fortes, defendemos os dereitos conquistados e lucimos o orgullo de avanzar.

Representa as nosas individualidades, pero tamén a forza da solidariedade, que nos fai poderosas e libres. Un muro tinguido de violeta que nos representa. Por nós, por todas.

CONMEMORACIÓN

25 DE NOVIEMBRE

Realízanse actividades durante todo o ano mediante o programa “Mulleres en acción”. Esta data simbólica serve de arranque de cada unha das edicións do programa.

EN MEMORIA DAS MÁIS DE 1.000 MULLERES ASASINADAS

Colocación de lonas na fachada principal do Pazo provincial coa lista das 1.000 mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas recollidas desde que se fai rexistro oficial, en 2003.

PREMIOS

Premio CREA. O proxecto “Cinema e muller” recibiu este premio, Mención Especial á Promoción da Igualdade de Xénero, así como múltiples recoñecementos ás creadoras das pezas que compoñen a película *Visións*.

Premio Meninas, da Delegación do Goberno en Galicia. Só recaeron dúas veces en Galicia e a Deputación obtívoo en 2019 pola súa implicación e o intenso traballo a prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Premio Paraugas ao catálogo “Mulleres do silencio”.

TRANSVERSALIDADE

O principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes impregna de forma transversal todas as áreas de goberno da Deputación de Pontevedra. Está recollido na definición e no desenvolvemento das políticas públicas: económicas, laborais, sociais, culturais e artísticas co obxectivo de eliminar obstáculos que garantan o acceso das mulleres en igualdade de condicións.

- **Participación equilibrada en todos os eidos:** na composición de tribunais seleccionadores, xurados... procurando que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes.
- **Establecemento de iniciativas específicas con:**
 - » **Subvencións dirixidas a cooperativas agro-gandeiras da provincia de Pontevedra** para favorecer aquelas entidades cunha maior porcentaxe de mulleres nos órganos reitores.

- » **Subvencións ás confrarías de pescadoras e pescadores, á federación de confrarías e ás agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra** para favorecer aquelas entidades cunha maior porcentaxe de mulleres nos órganos reitores.
- » **Subvencións para a concesión de axudas para a organización de actividades deportivas da provincia de Pontevedra**, nas que se valora positivamente aquel campionato ou evento deportivo que fomente a igualdade e integración no deporte.
- » **Subvencións para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participen en competicións federadas de ámbito nacional** para impulsar o deporte feminino.

- » **Subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para o deporte náutico** (remo, vela e piragüismo), dándolle prioridade ao deporte feminino.
- » **Subvencións para clubs deportivos sen ánimo de lucro que participen en competicións federadas de ámbito inferior ao nacional**, nas que se valorará en positivo aqueles clubs con máis licenzas femininas.
- » **Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais** para favorecer aquelas entidades que fomenten a igualdade e a inclusión social.

- » **Subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra** para beneficiar aquelas entidades que impulsen a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- » **Premios Provinciais á Xuventude**, onde nos proxectos presentados se valoran, entre outros aspectos, aquelas actuacións e/ou medidas destinadas a favorecer a igualdade.
- » **DepoRúArte**, con accións de *street art* en centros educativos en defensa da igualdade.



AXENDA
2030